



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 23/05/2017 12:21:24

ENTRADA 11565 / RX 1346422



Sra. Conselleira
Consellería de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio
Xunta de Galicia

ASUNTO: Axotamento de porco bravo (*Sus scrofa*) no "Canaval do Ulla" dentro da "ZEC ES1140001 Sistema fluvial Ulla-Deza".

Serafín J. González Prieto, en nome e representación da Sociedade Galega de Historia Natural (en adiante SGHN), na súa cualidade de Presidente da asociación,

EXPÓN:

1. Que, de acordo coa información recibida por SGHN, o pasado domingo día 21 de maio tivo lugar un axotamento de porco bravo (*Sus scrofa*) no "Canaval do Ulla", dentro da "ZEC ES1140001 Sistema fluvial Ulla-Deza" no que participaron decesas de cazadores con cans, nunha "actividade autorizada" segundo informou verbalmente o axente forestal de zona.
2. Que a subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L.subsp. *lusitanica* Steinbacher) está incluída coa categoría de "En perigo de extinción" nos catálogos galego (Decreto 88/2007, do 19 de abril) e español (Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro) de especies ameazadas.
3. Que, segundo o Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L.subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia, o "Canaval do Ulla" está catalogado como "Área prioritaria de conservación" e, polo tanto, está considerado oficialmente como unha das "zonas vitais para a supervivencia e recuperación da subespecie, xa que os utiliza para a reprodución e alimentación".
4. Que o axotamento de porco bravo no "Canaval do Ulla" se realizou en plena tempada de reprodución e crianza tanto da escribenta das canaveiras como de multitude de especies de fauna con diversas categorías de protección a nivel autonómico, estatal e europeo.
5. Que a Lei estatal 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e a Biodiversidade establece que:
 - a. "Queda prohibido dar muerte, dañar, molestar ou inquietar intencionadamente a los animales silvestres, sea cual fuere el método empleado o la fase de su ciclo biológico. Esta prohibición incluye su retención y captura en vivo, la destrucción, daño, recolección y retención de sus nidos, de sus crías o de sus huevos, estos últimos aun estando vacíos, así como la posesión, transporte, tráfico y comercio de ejemplares vivos o muertos o de sus restos, incluyendo el comercio exterior" (Artigo 52.3).
 - b. (Queda prohibido) "Tratándose de animales, incluídas sus larvas, crías, o huevos, la de cualquier actuación hecha con el propósito de darles muerte, capturarlos, perseguirlos o molestarlos, así como la destrucción o deterioro de sus nidos, vivares y áreas de reprodución, invernada o reposo" (Artigo 54.1.b).
6. Que segundo o dicionario da Real Academia Galega axotar é "asustar con voces e acenos [un animal] para que se vaia do lugar onde está", sendo imposible axotar con persoas e cans aos porcos bravos sen ao mesmo tempo axotar ao resto da fauna vertebrada presente na zona, nomeadamente (pero non exclusivamente) a subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L.subsp. *lusitanica* Steinbacher).

Por todo o cal,



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA
<http://www.sghn.org> [e-mail:sghn@sghn.org](mailto:sghn@sghn.org) CIF: G-15037211

SOLICITA:

Que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que vostede preside:

1. Proporcione á SGHN toda a información relativa a dito axotamento de porco bravo que obre no seu poder, xunto cos criterios e condicionado de aprobación, así como o(s) nome(s) e cargo(s) da(s) persoa(s) que o aprobaron.
2. Proceda á apertura inmediata dun expediente informativo para depurar as posibles responsabilidades administrativas e penais dos responsables de autorizar dita actuación claramente contraria ao espírito e a letra da lexislación estatal (Lei 42/2007, Real Decreto 139/2011) e autonómica (Decreto 88/2007, Decreto 75/2013).

En Santiago de Compostela a 23 de maio de 2017

Serafín González Prieto
Presidente SGHN

